

# Prisciliano en Tréveris

Millán Picouto  
Poeta e dramaturgo

Señoras e señores, boa tarde:

O título desta intervención é o mesmo que o da obra teatral que escribín en 1988, unha traxedia nun prólogo e cinco actos que suman uns dous mil versos hendecasilabos brancos para as partes faladas e outros de diferentes medidas para o canto e a danza, con ritmos ás veces trasladados da prosodia grecolatina. Despois de estudar o meu tema durante varios meses, recordo que escribín «Prisciliano en Tréveris», con bastante facilidade, en seis semanas, e a sétima descansei. Algo máis tarde, compuxen a música vocal e instrumental. En 1995 publiquei o texto e a música nunha edición de autor. En abril dese ano de 2006 a obra coñeceu unha segunda edición (está vez só do texto) dentro do libro «Ciclo da Terra», que é o tomo III da edición completa que fermosamente Ediciones Linteo está a facer da miña obra dramática. O volume citado íntegramente «Prisciliano en Tréveris»;

«Os corvos», unha traxedia da época viquinga; «As andoriñas», unha comedia situada na China do final da Dinastía Yuan, e por último, a traxedia «María Soliña».

Todas estas pezas, traxedias ou comedias, presentan a mesma forma: cinco actos, falados na maior parte en hendecasilabos (ou pentámetros iámnicos), e entre acto e acto, estásimos en versos de metros clásicos ou tradicionais galegos, e con música modal que adoita reelaborar a tradición musical galega con procedementos contemporáneos.

Despois de ter a vocación de escribir poesía dramática, é unha fortuna dispor do idioma galego, un idioma tan plástico, dotado dunha singular forza contrativa que asocia e comprime as palabras menos significantes, favorecendo a expansión dos substantivos e os verbos, que son o que máis importa. En canto á súa sonoridade, eu podería dicir do galego o mesmo que Byron escribiu do italiano:

«Amo esta lingua, este suave latín bastardo,  
que soa como se debera ser escrito en raso,  
con sons amábeis que esvaran,  
tan parellos,  
que nin un só acento parece groseiro.»

A música que compuxen para «Prisciliano en Tréveris» require un coro mixto e unha orquestra formada por frauta, óboe, salterio, cristal, campás tubulares, percusión, violas, violoncellos, contrabaixos e arpa. Faltan, como se ve, os violíns nas cordas. É porque o seu brillo non me conviña; a obra pedía unha cor orquestral severa e ás veces sombría. En canto á textura musical, é ora harmónica, ora contrapuntística. As escalas e a harmonía son modais.

Unha representación cabal desta obra había causar unha impresión profunda, pola conxunción dos seus diversos planos nunha forma nobre que contribúe á expresión da significación do protagonista e o seu destino. Tal representación require sobre 12 actores e actrices, un coro mixto de 12 cantores danzantes e arredor de 20 músicos. No libro, o texto pode lerse fluidamente nunha hora e media, como o poema dramático que é: en escena, a representación debe durar entre dúas e tres horas. Infórmanme que desde hai dous anos esta obra está sendo traducido no mesmo Tréveris desde o galego ao alemán, procurando conservar a forma poética orixinaria. Será cousa de oír como soan no esencialmente rotundo alemán os iambos galegos coa elevada entoación de Hoelderlin: «Des Ganges Ufer hörten des Freudengotts Triumph...»

Como cando escribín «Prisciliano en Tréveris» eu era case 20 anos máis novo que hoxe, o mundo tamén era máis novo para min. Seguramente debín de esperar que algún día entidades como o Centro Dramático Galego chegarían a significar plenamente o seu nome, debín de esperar que nalgún momento chegaría a haber algo



Actual Tréveris, Trier (Alemaña) e Trèves (Francia).



A Porta Nigra de Treveris, construída cara o ano 180, é un dos símbolos desta cidade. Embaixo, imaxes relixiosas en Treveris

así como unha instancia cultural competente e resolutive, consciente dos recursos humanos e artísticos propios da Galiza e disposta a fomentalos. Aínda sigo esperando.

Case todo o mencionado «Ciclo da Terra» ocúpase de tramas e personaxes referidos a momentos históricos determinados, e «María Soliña» e «Prisciliano en Tréveris» empezan por teren en común o de versar sobre feitos e personaxes emblemáticos da historia da Galiza. Son dúas obras cuxa concepción implicaba algunhas dificultades específicas que había que salvar antes da execución. As dificultades eran estas: unha muller pode ser protagonista dunha traxedia, mais hai poucas traxedias cunha muller protagonista; un home relixioso tamén pode ser protagonista dunha traxedia, mais a maioría das traxedias en que iso acontece naceron malogradas. Para o caso da muller, as causas seguramente son sociais e psicolóxicas; para o do home relixioso, a causa é que, como tal home relixioso, actúa probablemente dentro dunha doutrina salvadora, e alí onde unha salvación eterna poida resarcir do inferno e do purgatorio do mundo teremos non unha traxedia, senón unha Divina Comedia. Isto tanto é así, que nin sequera se pode afirmar que o Espírito Santo teña estado atinado como traxediógrafo cando escribiu os catro evanxeos canónicos sobre a figura principal do cristianismo. E iso que o Espírito Santo era afeccionado á literatura grega, pois tivo que coñecer o

pensamento de Platón para escribir o cuarto evanxeo e, na miña opinión, tivo que ter algunha noticia dos tráxicos gregos para escribir os sinópticos.

Aos ollos dun humanismo radical, a produtora da alta poesía e a da relixión son unha e a mesma: a imaxinación humana. Ambas –a alta poesía e a relixión– son representacións imaxinativas do Universo. A relixión é alta poesía que se volveu guía da vida, e a alta poesía é relixión sen acción, carente de culto e dogma e sen eficacia práctica, mais tamén sen ilusión metafísica. E o que hai como último recurso, na poesía e na relixión, son textos, textos que se inflúen, e procedementos parellos. E arredor deses textos e procedementos, hai en primeiro lugar toda a natureza, o Universo insondável, un conxunto misterioso que parece autorregularse e perdurar mediante a continua aniquilación e reposición das súas partes. E despois hai a angustia humana causada pola consciencia de ter que morrer.

A escritura dunha traxedia cuxo protagonista é un home relixioso entraña riscos ideolóxicos e estéticos que non sempre sortea ben nin sequera un escritor sobrenatural. Cando despois da introdución escénica lemos nos Evanxeos o Sermón da Montaña, sentimos que aí a elevación da doutrina é acorde coa elevación do escenario, sexa histórico ou simbólico. Cando Xesús, crucificado no Calvario, apostrofa Deus, preguntándolle por que o abandonou, asistimos ao clímax da súa paixón, á expresión sublime da súa dor solitaria, e vemos transparentarse o modelo do Ésquilo cuxo Prometeo, encadeado a unha rocha do Cáucaso, outra montaña, increpa Zeus. Se o Espírito Santo acabase aí o seu relato, os evanxeos constituirían unha traxedia irreprochável. Mais non, o noso autor ambiciosamente seguiu escribindo para facer xustiza poética enseguida e no mesmo escenario. E ao xeito do tráxico grego máis coñecido na época, Eurípides, valeuse dun evidente «deus ex machina» facendo resucitar Xesús no medio dun trono e dun fulgor. Con tal desenlace, tantas accións e palabras anteriores quedan desprovistas de sentido, e a calidade tráxica, moi menoscabada.

Son tan notorias nos Evanxeos as discordancias argumentais e estéticas, que xa os gnósticos pensaron resolvelas aducindo que a paixón e a morte de Xesús decorreran ilusoriamente, como nunha representación. E os gnósticos, que niso eran só razoábeis, foron culpados de heréticos



Pé dun capital en Treveris que lembra o camiño de Compostela



e frívolos. Mais non o eran, nin eu incorro en frivolidade, pois non estou a tratar de Xesús, senón do seu tratamento literario. Se o contemplamos como un home, o seu destino é unha traxedia; se o contemplamos como un deus, unha comedia grandiosa, á escala cósmica.

Mais con Prisciliano non hai tal dilema, pois ningunha deificación o embaza. A relixión salvadora que el profesou expulsouno de si mesma e do mundo, e a súa vida é cabalmente trágica se a traxedia é o sentido máis alto dunha vida terminada e dunha vontade iluminada e cumprida. Pois Prisciliano foi na vida un heroe: despois da morte, para os seus adeptos, un heroe cultural; e agora para nós, desde hai case un século, un heroe cultural. Como heroe, encarnou na vida entre outras forzas a de oposición á corrupción opulenta da xerarquía eclesiástica nas cidades do occidente do Imperio. A súa iniciativa social e relixiosa fíxoo entrar na Historia entre os anos 370-375 aos seus trinta anos. Tivo un bo éxito inicial que provocou contra el a reacción dos xefes das dioceses veciñas. Mais non cedeu, persistiu naquel impetuoso maxisterio que dividiría o espírito das xentes e da Igrexa, excitando as forzas dos dous

bandos e, despois que os seus seguidores Instancio e Salviano o consagraron bispo e que os seus primeiros adversarios, Itacio e Hidacio, lograron que o emperador Graciano ordenase a confiscación dos bens e o desterro de Prisciliano e do seu círculo, o noso protagonista non puido non enxergar que a súa iniciativa era moi perigosa e que podía abocalo á destrución, o que despois aconteceu. Mais el seguiu adiante, aínda con máis vigor se cabía, e con iso afirmou a súa substancia de heroe trágico, que orixinarmente require polo menos estas condicións: que encarne por medio dunha acción arriscada unha das forzas principais do espazo mítico ou histórico; que a súa acción poida considerarse benéfica para a comunidade; e que, asumindo el o perigo que tal acción supón, non busque a morte propia por ela mesma, mais que non a eluda como froito posíbel do seu empeño, que é o de afirmar uns valores que estima tanto ou máis que a súa vida.

Non unha, senón todos os motivos de inmoralidade que os adversarios esgrimiron na súa contra poden ser voltas ao seu favor sen esforzo. Un deles foi o éxito inicial que a súa iniciativa encontrou entre bastantes mulleres. El gañou desde o principio

bastantes homes adeptos, si, mais dísenos que as adeptas foron numerosas e agréganse precisións como a de que as renomeaba con nomes poéticos e místicos: Bálsamo, Tesouro, Agape, Elpis. Os novos nomes, en realidade, sinalaban ritualmente o nacemento a unha nova vida espiritual, mais esa práctica quixo entenderse como que Prisciliano, co gallo dunha acción reformadora, ía constituíndo unha especie de xineceo escandalosamente ambulante e que, polo tanto, era un impostor que atentaba aos bos costumes. Non serían, por certo, os bos costumes do seu acusador principal, o bispo Itacio, que Sulpicio Severo describe como «superficial, sen trazas de santidad, vulgar, baralleiro, dado á boa vida e larpeiro» Mais o mesmo cronista fala tamén con tristura do baixo nivel xeral da disciplina do episcopado da época, e non suxire que Itacio fose moito peor que a maioría dos bispos contemporáneos.

Por desgraza, a índole da imaxinación da nosa época non dista moito da dos acusadores de Prisciliano. É unha imaxinación degradadora e desintegrada ela mesma, que ve pícaros e falcatuadas por todas partes e ten por arte suprema a especie inferior da arte literaria, a parodia. É unha imaxinación que, por tender ao caos, se manifesta incapaz de concibir un ideal e de percibir o que hai de ideal ou arquetípico en certas figuras históricas. É unha imaxinación substancialmente redutora e antiheroica e está, ademais, moi contenta de selo. Así, por exemplo, coída representar Xesús con máis veracidade, facéndoo beneficiarse unhas veces do Xoán e outras da Madalena, pois esta imaxinación comprácese en empuxar todos os seus heroes e heroínas a unha cama por ser incapaz de concibilos en pé. Eu non nego que esas curiosidades poidan ser ás veces verosímiles: crítico o feito de que este tipo de imaxinación as valore como unha conquista.

Adoptando a imaxinación da nosa época un punto de vista tan a rentes do chan, ou sexa, rastreiro, non nos



Representación escultórica en Treveris do Neumagen, chamado barco do viño

estrañe que a moda literaria vixente (mais vella xa de moitos anos) considere como o xénero máis extemporáneo a traxedia. É que, á esa imaxinación sen ás o enaltecemento do acontecer humano, lle parece, ademais de anticuada, unha cousa fachendosa e faroleira: unha fanfurriñada. Coitada! Tense a si mesma por experimentada e alerta, e non pasa de ser unha imaxinación de pillabáns.

Mais con ela nin pode representarse Prisciliano con xeito, nin sequera facer verdadeira poesía, e menos escenificala. Así, poucos espíritos maduros esperan hoxe recibir nada notábel do teatro. E iso, outra vez por desgraza, porque a verdadeira poesía no teatro non ten por que contradicir a historia: pode ser fiel a ela e mesmo ilustrala, e ademais pode desenvolver os seus grandes personaxes sobre animados escenarios cunha plenitude sensorial e emotiva inaccesíbel á historiografía.

Son o terceiro dramaturgo galego en tratar o tema de Prisciliano. Lamento que o meu predecesor, e non por incapacidade para imaxinar nobre o noso heroe, senón por querer facelo complexo, o vise como un impostor para o que a morte foi unha purificación. Pola miña parte, preferín nutrir o argumento de «Prisciliano en Tréveris» co contraste da doutrina e a práctica do protagonista coas dos seus acusadores, coa colisión dos diversos intereses, caracteres e actitudes e coa propia evolución do heroe ao longo da obra.

Se na doutrina de Prisciliano xa había postulados e prácticas inadmisíbeis, e mesmo disolventes, para a Igrexa dominante considerados un por un, el tivo a ousadía de fusionalos nunha síntese moi estilizada e defendelos todos xuntos. Estes foron, principalmente: que a revelación non está pechada, polo que periodicamente a sabenza e as boas obras son entregadas á humanidade polos mensaxeiros de Deus, que tanto poden ser homes como mulleres; que fóra do canon existen libros sagrados e que a súa sacralidade reside en afirmaren a divindade de Cristo; que os libros sagrados están á disposición de todos os fieis, que os poden examinar libremente baixo ese criterio, sen necesitaren a interpretación do bispo; que a xerarquía eclesiástica é secundaria fronte ao feito da revelación, que se realiza na intimidade do corazón humano e que, se non se realiza, de nada valen cousas como o nome de cristián ou a confesión do credo; que os verdadeiros lugares de culto son o corazón humano e a natureza; porque non hai interior nin exterior para a Divindade. Apaixonadamente Prisciliano di de Deus que é: «transcendente e imanente e que envolve e penetra todo» (supereminens et internus et circumfusus et infusus in omnia), e así chega á conclusión suprema que o caracteriza: a creación é a forza divina na súa totalidade, que se manifesta na vitalidade da natureza. As pedras, os ríos, as nubes, o sol, a lúa e as árbores son partes do corpo divino que é o Cosmos.

Sorprende ben que o autor dunha doutrina tan perfectamente monista fose acusado de maniqueísmo, doutrina tan perfectamente dualista. Houbéranos cualificado mellor como neoplatónico, se ben Plotino concibía o mundo como unha emanación degradada da divindade e Prisciliano a divindade envolvendo e impregnando o mundo. Este sobrenaturalismo naturalista é atractivo para a poesía. El, pola súa parte, xa dicía, cunha metáfora personificadora, que: «o sol e os astros son miúdos escintileos da fronte de Deus», que a suor na fronte de Deus son estrelas e estrelas.

Tamén é atractiva para a poesía esta concepción, porque remite á natureza e, nalgunha medida, compense a pobreza da mitoloxía cristiá comparada coa pagá: moito se pode facer con Afrodita, nada con María; moito con Mercurio e con Iris, nada cos anxos, etc. Tanto isto é así, que, nun momento de expansión estética como foi o Renacemento -aínda que a alma no fondo se mantivese cristiá- a imaxinación artística tivo que volverse cara ao paganismo. Neste sentido, o naturalismo de Prisciliano é unha brisa fresca.

Soñando eu coa correspondencia das artes, imaxinei que un poema dramático logrado acerca del debería posuír a beleza dun deses sartegos paleocristiáns en que un hábil cicel aínda helenista labrou un Cristo novo con apostura de Apolo e rodeado do Sol, a Lúa e as estrelas ■